

KOESTERS GENSINI, Sabine E. e BERARDINI, Andrea (Eds.) (2020): *Si dice in molti modi. Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino. Tomo II*. Roma: Sapienza Università Editrice. ISBN 978-88-9377-169-6; 370 pp.¹



Si dice in molti modi. Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino constitúe unha achega de notable relevancia ao campo dos estudos fraseolóxicos e tradutolóxicos aplicados á narrativa italiana contemporánea. O estudo céntrase na obra de Italo Calvino, —concretamente en *Il Visconte dimezzato* (1952)— e artículase en dous tomos complementarios que ofrecen unha análise exhaustiva da fraseoloxía e dos seus procedementos de tradución en contextos multilingües.

O segundo tomo, obxecto da presente recensión, preséntase como unha prolongación crítica do itinerario analítico trazado no primeiro volume. Artículase en dúas seccións: a primeira, que abarca os capítulos do 11 ao 17, amplía a terceira parte do estudo previamente recensionada; a segunda, correspondente aos capítulos do 18 ao 21, inaugura un enfoque metodolóxico innovador centrado na análise bidireccional.

A nivel metodolóxico, todos os capítulos manteñen unha arquitectura analítica homoxénea, que se inicia cunha caracterización tipolóxica, morfolóxica e lexicográfica da lingua meta. A continuación, desenvolven unha exploración sistemática das unidades fraseolóxicas —con especial atención ás *polirematiche*²— presentes no texto calviniano orixinal e do seu correspondente tratamento traductolóxico. A análise susténtase nos datos proporcionados pola plataforma CREAMY (*Corpus and Resources for the European Analysis of Multi-word Units*), o que posibilita tanto unha cuantificación precisa das ocorrencias como unha clasificación contrastiva das estratexias de tradución empregadas.

O capítulo 11, titulado «La fraseologia calviniana in lituano: Il caso di *Perplėštas vikontas*», abre esta sección cun estudo contrastivo das *polirematiche* en italiano e de cadansúas solucións tradutolóxicas na versión lituana realizada por Audrius Musteikis en 2009, única tradución dispoñible ata a data. A introdución do capítulo ofrece unha

¹ Tradución do castelán de Diego Rodríguez Vila (CRPIH).

² O termo *parola polirematica* (segundo a definición do Dizionario Treccani) designa unha unidade léxica composta por dúas ou máis palabras, con cohesión estrutural e semántica interna, que se comporta funcionalmente como un só lexema. Isto inclúe tanto expresións fixas (como expresións idiomáticas ou locucións) como combinacións máis libres xa convencionais. Polo tanto, todas as unidades fraseolóxicas son *polirematiche*, mais non todas as *polirematiche* son unidades fraseolóxicas.

panorámica concisa mais rigorosa da lingua lituana, que destaca polo seu carácter altamente conservador no conxunto das linguas indoeuropeas. A primeira parte da análise céntrase nos mecanismos de derivación morfolóxica desta lingua flexiva, mentres que a segunda traza un breve percorrido pola tradición fraseolóxica no ámbito da lituanística. O núcleo do capítulo estrutúrase arredor de tres macrocategorías de unidades fraseolóxicas: colocacións, expresións idiomáticas e combinacións léxicas fixas. Das 790 unidades identificadas no orixinal italiano, localizáronse equivalentes funcionais para 713. Observouse unha proporción considerable de solucións mediante unidades *monorematiche*³, o que evidencia unha marcada tendencia cara á síntese léxica na lingua meta. Finalmente, o estudo presta atención ao tratamento das expresións idiomáticas, para as que se documentan equivalencias tanto semánticas como formais, reforzando así a validez e a aplicabilidade do enfoque metodolóxico adoptado.

O capítulo 12, «La fraseologia calviniana in giapponese: Il caso di *Mapputattu no shishaku*», céntrase na tradución ao xaponés. Após unha introdución que sintetiza os principais debates ao redor da clasificación tipolóxica do xaponés e do seu sistema gráfico tripartito —*hiragana, katakana e kanji*—, abórdanse as implicacións metodolóxicas derivadas da representación multiforme dos lexemas xaponeses no corpus CREAMY. O capítulo analiza as especificidades morfosintácticas do xaponés —lingua aglutinante de morfoloxía relativamente analítica— e apóiase na tipoloxía proposta por Miyaji (1982) como marco clasificatorio. Do punto de vista cuantitativo, a análise revela que aproximadamente unha quinta parte das unidades fraseolóxicas do texto de partida carece de equivalentes funcionais na tradución. O exame cualitativo pon de relevo as dificultades inherentes á preservación das *polirematiche*, as cales tenden a ser reformuladas mediante estruturas monoléxicas ou perifrásticas. Un exemplo significativo é a tradución de *peste e carestia* como *pesuto ni kikin* (ペストに飢饉), na que se observa unha atenuación da compoñente idiomática e unha orientación cara á literalidade semántica.

O capítulo 13, «La fraseologia calviniana in macedone: Il caso di *Prepoloveniot vikont*», abre cunha caracterización da lingua macedonia, idioma eslavo meridional con trazos estruturais distintivos como a ausencia de formas verbais en infinitivo e a presenza sistemática de artigos enclíticos. O estudo adopta unha taxonomía complexa e detallada que integra parámetros semánticos, estruturais e pragmáticos. Os datos extraídos do corpus evidencian unha marcada propensión cara á monolexicalización, especialmente no tratamento de sintagmas verbo-nominais como *prendersi un raffreddore*, traducido por *nastine*. Ademais, identifícanse tamén procedementos baseados en colocacións léxicas, calcos estruturais e combinacións libres, reflectindo unha ampla gama de solucións tradutolóxicas e dunha elevada flexibilidade estratéxica na xestión da transferencia interlingüística.

³ Unha *parola monorematica* é unha unidade léxica simple, isto é, unha soa palabra que expresa un concepto único. Algúns exemplos típicos serían *sole, amore, correre*... En termos xerais, correspóndese co que en castelán e en galego chamaríamos *palabra simple*.

No capítulo 14, «La fraseologia calviniana in francese: Il caso di *Le vicomte pourfendu*», o foco da análise desprázase cara a unha reflexión crítica sobre os desafíos da transferencia fraseolóxica entre dúas linguas románicas tipoloxicamente próximas, como o par italiano-francés. Lonxe de asumir unha equivalencia automática entre idiomas afíns, o estudo problematiza a suposta facilidade de transposición, subliñando fenómenos de interferencia semántica, calcos improprios e falsas equivalencias que poden emerxer no proceso de tradución. A análise tamén pon de relevo os nesgos metodolóxicos introducidos por certas decisións de lematización que, ao privilexiar semellanzas formais, poden distorcer a precisión estatística do corpus. En termos empíricos, conséntase que preto de 90 % das unidades fraseolóxicas italianas contan con equivalentes totais ou parciais na versión de Juliette Bertrand (1955); porén, identifícanse 23 casos en que a equivalencia funcional se ve comprometida. Un exemplo emblemático é a tradución da expresión italiana *per conto proprio* ('por conta propia') como *pour son compte*, na que se perde o matiz reflexivo de autonomía do orixinal. O capítulo conclúe cunha proposta de ampliación do estudo mediante o cotexo coa tradución máis recente, publicada por Gallimard en 2018, coa fin de abrir a análise a unha perspectiva diacrónica e diafásica que permita avaliar a evolución das estratexias fraseolóxicas nas distintas etapas da recepción dos textos calvinianos no ámbito francófono.

O capítulo 15, titulado «La fraseologia calviniana in ceco: Il caso di *Rozpùlený vikomt*», examina a única tradución ao checo de *Il Visconte dimezzato*, feita por Zdeněk Digrin en 1970. Na súa primeira sección, ofrécese unha caracterización lingüística detallada da lingua checa —idioma eslavo occidental altamente flexivo— con especial atención á súa variación diatópica e diastrática, así como ao seu sistema de casos, á marcación aspectual e á produtividade derivativa. A segunda parte do estudo dedícase á análise cuantitativa e cualitativa das estratexias de tradución empregadas na xestión das unidades *polirematiche*. Os resultados revelan unha marcada tendencia cara á monolexicalización como procedemento preferente, ben que tamén se constata o emprego de locucións idiomáticas e colocacións. Malia a prevalencia de equivalencias semánticas totais ou parciais, o estudo sinala unha inclinación do tradutor cara a rexistros arcaizantes, como exemplifica a tradución de *fare del bene* como *prokazovat dobrodiní*. O capítulo conclúe recalcando a necesidade de ampliar o corpus multilingüe CREAMY, promovendo a incorporación de novas traducións dunha mesma obra, co fin de fomentar estudos contrastivos orientados á observación de variacións tradutolóxicas interlingüísticas e intralingüísticas desde unha perspectiva diacrónica e tipolóxica.

O capítulo 16, «La fraseologia calviniana in inglese: Il caso di *The Cloven Viscount*», analiza a tradución inglesa de Archibald Colquhoun (1962). O estudo principia cunha contextualización lingüística sobre a evolución histórica do inglés, concibido como unha lingua híbrida, marcadamente analítica e carente dunha autoridade normativa centralizada, o que incide directamente nos criterios de segmentación e lematización empregados na plataforma CREAMY. Estas características tipolóxicas, xunto coa elevada variabilidade sintáctico-semántica das expresións idiomáticas en inglés,

supoñen desafíos metodolóxicos específicos que se abordan mediante a incorporación de categorías analíticas adicionais, como «tradución demasiado libre» e «non-traducido». Desde unha perspectiva cuantitativa, a análise revela unha tendencia dominante cara á simplificación estrutural: máis da metade das unidades *polirematiche* italianas tradúcense mediante formas *monorematiche* ou combinacións léxicas libres, reflectindo a orientación do inglés cara á economía expresiva. Malia que a equivalencia formal é limitada, a equivalencia semántica acadou un notable 80,9 %, cifra que avala a eficacia interpretativa da tradución. No plano sintáctico, as locucións verbais e preposicionais do orixinal italiano adoitan substituírse por *phrasal verbs*, construcións perifrásticas ou substantivos compostos. Por último, no que atinxe á marca variacional e ao valor de uso, o estudo identifica unha correspondencia global co orixinal, aínda que matizada por unha leve atenuación dos extremos estilísticos e por un incremento no uso de recursos hiperbolizantes.

O capítulo 17, «La fraseología calviniana in nederlandese: Il caso di *De gespleten burggraaf*», asinado por Francesca Terrenato e Suze Anja Verkade, representa unha achega pioneira no ámbito da tradutoloxía fraseolóxica aplicada ao neerlandés. Esta lingua xermánica occidental caracterízase por unha alta produtividade composicional e unha estandarización diverxente no plano rexional, factores que condicionan significativamente as estratexias de tradución fraseolóxica. O estudo enfócase no tratamento das *polirematiche* italianas na tradución de Clément Hengst (1962), revelando que só unha parte minoritaria das unidades manteñen unha configuración fraseolóxica na lingua meta. A meirande parte, pola contra, reformúlase mediante estruturas monolexicais ou combinacións léxicas libres. As equivalencias formais plenas resultan excepcionais, en tanto que as correspondencias semánticas totais son significativamente máis frecuentes, o que evidencia unha fidelidade substancial na transmisión do contido, a pesar dunha notable reconfiguración morfosintáctica. Non obstante, rexístrase un número non desdeñable de casos en que as traducións tenden a se desvincular do orixinal, quer pola aplicación de estratexias tradutivas altamente libres, quer pola omisión directa da unidade fraseolóxica correspondente. Estas perdas funcionais vense acentuadas por unha tendencia xeral á desfigurativización e á neutralización estilística, indicios dunha estratexia niveladora condicionada pola norma estándar do neerlandés.

O capítulo 18, intitulado «La fraseología nella traduzione francese del *Visconte dimezzato* di Italo Calvino (1952): Verso un'analisi bidirezionale», abre a cuarta parte do volume cunha proposta metodolóxica de carácter innovador: o desenvolvemento dun enfoque bidireccional que toma como punto de partida a tradución francesa (*Le vicomte pourfendu*, 2002) para facer unha análise fraseolóxica inversa. Este procedemento, aplicado ao corpus paralelo italiano-francés da plataforma CREAMY, permite non só cartografar as correspondencias entre texto fonte e texto meta, senón tamén identificar unidades fraseolóxicas que emerxen na tradución sen un correlato explícito no orixinal, revelando dinámicas de reformulación e adaptación interpretativa. O estudo alicérase na tipoloxía de *séquences figées* proposta por Klein e Lamiroy (2016), que clasifica as unidades fraseolóxicas do francés segundo parámetros estruturais, semánticos e pragmáticos. A partir desta base teórica, as unidades detectadas na tradución codifícanse

en función da súa categoría léxica, tipo fraseolóxico e grao de equivalencia formal co orixinal italiano. O capítulo aborda así mesmo os retos metodolóxicos vinculados á segmentación e lematización na lingua meta, así como as limitacións do *Trésor de la langue française* como fonte lexicográfica de referencia, especialmente no relativo á actualización e ás marcas de uso.

No capítulo 19, titulado «La fraseologia nella traduzione tedesca del *Visconte dimezzato* di Italo Calvino (1952): verso un'analisi bidirezionale», asinado por Sabine E. Koesters Gensini, esténdese o enfoque bidireccional á análise da versión alemá da obra (*Der geteilte Visconte*, 1957). Desde unha perspectiva tipolóxica, o estudo subliña unha profunda diverxencia estrutural entre as dúas linguas: a equivalencia fraseolóxica do tipo 1:1 resulta relativamente infrecuente, especialmente no ámbito das expresións idiomáticas. En troques, as colocacións —máis produtivas e gramaticalmente codificadas en alemán— tenden a derivarse de construcións non necesariamente *polirematiche* en italiano, o que reflicte unha reformulación adaptativa e creativa da fraseoloxía de partida. Esta elevada densidade fraseolóxica no texto traducido apunta a unha estratexia tradutiva orientada a intensificar a carga expresiva mediante recursos connotativos, rexistros marcados e unha figuratividade incrementada. A asimetría entre a forma e o contido é particularmente visible: namentres as equivalencias formais son escasas, as correspondencias semánticas alcanzan un alto grao de precisión, o que confirma a solidez interpretativa do texto alemán en termos de adecuación comunicativa e estilística. Do mesmo xeito, detéctase un desprazamento estilístico cara a rexistros máis literarios e emocionalmente matizados, en claro contraste co ton máis neutro e estándar do orixinal. Esta reconfiguración non responde exclusivamente a diferenzas lingüísticas, senón que reflicte tamén decisións tradutolóxicas condicionadas polas expectativas do lectorado xermanófono e por convencións editoriais historicamente consolidadas no sistema literario alemán.

O capítulo 20, «La fraseologia nella traduzione russa del *Visconte dimezzato* di Italo Calvino (1952): verso un'analisi bidirezionale» amplía a perspectiva bidireccional aplicándoa á tradución rusa (*Razdvoennyj vikont*, 1984). Tras un detallado repaso á recepción de Calvino no espazo soviético e á consolidación da fraseografía en Rusia, o estudo examina 495 *polirematiche* presentes na versión rusa, cotexándoas coas 790 documentadas no texto orixinal. A análise revela un baixo grao de equivalencia formal exacta, mentres que a correspondencia semántica alcanza aproximadamente a metade do corpus, xunto a unha proporción significativa de unidades sen correspondencia semántica. Este desfase entre forma e contido responde tanto a diverxencias tipolóxicas entre ambas linguas como a decisións tradutolóxicas deliberadas orientadas a unha intensificación discursiva. No plano variacional, conséntase un desprazamento estilístico cara a rexistros baixos: o uso de expresións coloquiais duplícase con respecto ao orixinal italiano, configurando unha estratexia de aproximación discursiva ao lectorado meta. Esta baixa do rexistro coexiste, porén, co uso puntual de recursos desvulgarizantes e referencias bíblicas, especialmente en certas pasaxes, como as relacionadas coa comunidade hugonote. A análise tamén pon de relevo a incorporación de figuras retóricas propias do folclore ruso, tales como metáforas intensificadoras, comparacións idiomáticas

e estruturas reduplicativas, que contribúen a reforzar a expresividade do texto meta. Finalmente, obsérvase unha tendencia marcada do ruso cara á concretización semántica e á segmentación explícita do contido, especialmente visible na reconfiguración de colocacións verbonominais e na formación de unidades terminolóxicas.

Por último, o capítulo 21, intitulado «La fraseología nella traduzione nederlandese del *Visconte dimezzato* di Italo Calvino (1952): verso un'analisi bidirezionale», pecha a sección dedicada aos estudos contrastivos de tipo bidireccional cunha análise da versión neerlandesa de *Il visconte dimezzato*. A súa xénese presenta aspectos aínda non completamente esclarecidos. Particularmente, fórmase a hipótese dunha posible mediación indirecta a través da tradución inglesa, aínda que esta conxectura permanece en fase de verificación documental. O estudo baséase na sistematización de máis de mil unidades *polirematiche* identificadas no texto neerlandés. Estas distribúense maioritariamente entre combinacións de baixo grao idiomático, colocacións léxicas frecuentes e un corpus máis restrinxido de expresións idiomáticas consolidadas. Desde unha perspectiva estrutural, obsérvase unha clara prevalencia de construcións verbonominais, moitas delas con verbos separables, característicos do neerlandés. Estas construcións analízanse en función do seu grao de opacidade ou transparencia semántica. A nivel semántico, a estabilidade das equivalencias resulta considerablemente maior no caso das unidades con base metafórica ou metonímica, mentres que as expresións non-figurativas tenden a presentar maiores desafíos de correlación. Esta asimetría tradúcese nunha tipoloxía de equivalencias fortemente influenciada pola estrutura conceptual e discursiva propia de cada lingua. No plano estilístico, a versión neerlandesa caracterízase por unha relativa homoxeneidade no uso de rexistros estándar, en contraste coa variabilidade estilística do orixinal italiano, que alterna rexistros coloquiais, expresivos e mesmo marcadamente hiperbolizantes. Así mesmo, documéntase un proceso progresivo de desfigurativización e simplificación estrutural na tradución para a lingua meta, atribuíble tanto ás diferenzas sistémicas como ás estratexias de domesticación orientadas á norma discursiva do neerlandés contemporáneo.

Si dice in molti modi. Fraseología e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino constitúe unha contribución rigorosa, innovadora e metodoloxicamente articulada ao ámbito da tradutoloxía descritiva e aos estudos fraseolóxicos multilingües. A través dun percorrido comparativo que abarca un extenso abano tipolóxico —que inclúe linguas románicas, xermánicas, eslavas e bálticas—, o volume ofrece unha cartografía detallada das estratexias de tradución aplicadas ás unidades fraseolóxicas do texto calviniano. Particular relevancia adquire a cuarta parte da obra, centrada na aplicación dun enfoque bidireccional á análise de corpus paralelos. Mesmo se aínda está nunha fase experimental, tal abordaxe abre liñas de investigación prometedoras, especialmente en contextos interlingüísticos marcados por diferenzas morfosintácticas profundas e por tradicións fraseolóxicas desemeillantes. A implementación da plataforma CREAMY representa, neste senso, un avance metodoloxico de grande alcance, ao facilitar a anotación, sistematización e comparación de corpus paralelos. Non obstante, o emprego de ferramentas automáticas para a segmentación e a lematización pon de manifesto certas limitacións técnicas, especialmente no que atinxe ao tratamento de linguas con

elevada flexión ou con variabilidade estilística e diastrática acentuada. Do mesmo xeito, a dependencia de repertorios lexicográficos non sempre actualizados produce nesgos que as autorías abordan cun enfoque crítico. Desde o punto de vista da representatividade lingüística, o volume logra un equilibrio notable entres as distintas familias de linguas europeas, achegando unha visión comparativa ampla, integradora e profundamente contextualizada. Este carácter transversal converte a obra non só nun estudo de caso sobre *Il visconte dimezzato*, senón tamén nun modelo operativo para investigacións futuras nos campos da fraseoloxía contrastiva, a lexicografía bilingüe e a teoría da tradución literaria en perspectiva *corpus-based*. Lonxe de constituír un peche, *Si dice in molti modi* configúrase como unha plataforma aberta para a exploración continuada dos mecanismos de transferencia fraseolóxica e das súas implicacións estilísticas, culturais e ideolóxicas, no marco dun multilingüismo dinámico e cada vez máis interconectado.

Alessia Paldera
Universidad de Sevilla (España)
ORCID: 0009-0008-3211-8632
alepal@alum.us.es